

A Galicia de Rosalía de Castro

Anxo Angueira

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

ANGUEIRA, ANXO (2011 [2004]). “A Galicia de Rosalía de Castro”. *A Trabe de Ouro*: 59, 301-309. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.

<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/889>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

ANGUEIRA, ANXO (2004). “A Galicia de Rosalía de Castro”. *A Trabe de Ouro*: 59, 301-309

* Edición dispoñíbel desde o 6 de xuño de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

A GALICIA DE ROSALÍA DE CASTRO*

Anxo Angueira

Eran as aldeas, na súa maioría, un conxunto de cabanas miserentas; as cubricións eran de colmo, húmido, mollado, e a miúdo tapado de vizosa vexetación. Había esterqueiras diante das portas, e non faltaban pozas e lameiras. Porcos enormes andaban a se pasear por alí maxestosamente mesturados con nenos encoiros. O interior das cabanas correspondíase coa súa aparencia externa: estaban cheas de inmundicia e de miseria.

¡Oh, canta miseria a de Galicia! Cando chego de noite a un dos seus cortellos que eles chaman pousadas e pido no nome de Deus pan para comer e palla para me deitar, bótanme pestes e dinme que non hai pan nin palla en Galicia; e, efectivamente, desde que estou aquí non os vin, unicamente algo que eles chaman broa e unha especie de refugallo de canas co que lle fan a cama ós cabalos: dóenme tódolos ósos dende que entrei en Galicia.

* Este texto é adaptación da conferencia pronunciada no Liceo de Ourense no II Ciclo de Conferencias Seis Visións de Galicia, maio-xuño de 2004.

Así, con estas palabras anosadas por Salvador García Bodaño (*Viaxe por Galicia, Xerais*) ou outras de similar xinea, andou describindo George Borrow a nosa terra no verán —«as nubes de moscas son unha praga en Galicia»— do ano 1837. Como vostedes saben, naquel seu febreiro foi nada en Compostela Rosalía de Castro. E digo eu, non é de estrañar que coincidisen nalgún paseo pola Alameda dos que tanto gustaba o inglés; este acompañado do libreiro liberal represaliado Rey Romero, en cuxo obradoiro, entre outras cousas perseguidas, se reimprimiron «Os rogos dun gallego dedicados ós seus paisanos...», Rosalía no colo de María Teresa de Castro, súa nai, xa ben recuperada do parto e que se espaxiaba en compañía da inseparábel criada María Francisca Martínez. E mesmo un saúdo galante do señor don libreiro, que se achega con Borrow o anglicano a presentarlle os seus respectos a dona María Teresa facéndolle carantoñas a aquela fermosa e rideira picariña.

—¿Aínda non chegou ós seis meses? ¡Vaille ben criada! Cando baixe a Padrón déalle memorias a don Xosé María, tan irmán seu no sangue, coma meu na causa, señora, da liberdade.

A primeira Galicia de Rosalía de Castro foi unha nai solteira, unha nai fidalga que tivo que bautiza-la filla, sen apelidos, María Rosalía Rita, na inclusa compostelá, o Grande e Real Hospital de Santiago. Dos 432 expósitos alí bautizados no ano 1837 morreron, polas enfermidades dos nenos, polo estado de desnutrición en que chegaban, pola falta de hixiene do centro —que o propio Borrow tamén comprobou—, morreron, digo, 342 inocentes. De veras esterrece le-los estudos de Victoria Álvarez Ruíz de Ojeda sobre o tema. O 15 % que sobreviviu ese ano era transportado ó pouco en cestas de a catro ás freguesías próximas a Santiago, onde se distribuían entre as mulleres con leite, coma un imposto máis («distribución de expósitos por carga concejil») entre as clases pobres. As elevadas estaban exentas desta pesadísima carga, moitas veces portadora do morbo gálico, da sífile. E, claro, os aldeáns procuraban desfacerse dos expósitos por tódolos medios, pacíficos ou violentos, infanticidios por defecto ou por exceso, á fame ou de enchente, co cal a porcentaxe de sobreviventes non chegaba ó 10 %. Estes poucos, un de cada dez, se non eran adoptados polos labregos coma criados ou servos, por volta dos cinco anos quedaban abandonados na rúa, espallados por todo o Reino, sen idade, sen nome, sen nada. Non poucas veces Rosalía puxo os seus ollos sobre eles. En *La hija del mar*, a súa primeira novela (1859), protagonizada por dúas mulleres orfas, abandonadas, diso ó final do capítulo IX:

¡Infelices expósitos! Infelices los que, abandonados a la caridad pública desde el momento en que vienen a la vida, vagan despues por la tierra sin abrigo y sin nombre; pobres desheredados de las caricias maternas y de todo cuanto puede dar felicidad al hombre en este valle de dolor. ¡Infelices...!, de ellos es el pan de las lágrimas y de ellos la soledad y el abandono.

E moito máis tarde, en *Follas Novas* (1880), continúa a retina rosaliana pousada máis unha vez nos expósitos («Tembra un neno no húmido pórtico»), farrapentos e descalzos, atrecidos, coma cans sen paleiro nin dono, esvaecidos coa fame:

E mentras que el dorme,
triste imaxen da dor i a miseria,
van e vén ja adoraren o *Altísimo*.
fariseios, os grandes da terra,
sin que ó ver do inocente a orfandade
se calme dos ricos
a sede avarienta.

Pero a nai solteira de Rosalía, unha fidalga, dos Castro de Padrón, con asentado na casa-grande da Arretén, ó pé da vía romana que de alí a dous castros entra en Iria (Iria Flavia non), esta muller, non a abandona, non. Dona María Teresa aproveitou a experiencia familiar de seu irmán Xosé María, o morgado. Este, que tamén bautizara na inclusa a súa filla, curmá por tanto de Rosalía, Xosefa Laureana, en 1821, retirouna ós poucos días por persoa interposta para, ó ano seguinte, poder lexitimala no seu casamento con Segunda Santamaría. Con seguridade Xosé María e Segunda aleccionaron a dona María Teresa sobre os pasos que conviña dar, facilitándolle tamén un contacto seguro no interior da inclusa, o xefe de botica. Como conclúe Victoria Álvarez Ruíz de Ojeda, «os Castro non teñen ningunha dúbida sobre a actitude que hai que adoptar con Rosalía: a mesma que ensaiaran, con motivo menos grave, con Josefa Laureana». Aínda que iso si, sexa porque a lexitimación de Rosalía era imposíbel, sexa polos perigos da inclusa ou polo que for, o caso é que Rosalía, enviada por María Francisca Martínez, a criada, non fica alí máis que o tempo necesario para face-los trámites do bautizo. Os Castro protagonizan dous sucesos moi infrecuentes na Inclusa: ingresan a unha nena non para abandonala, senón para sacala de alí —Xosefa Laureana—; outra nin sequera temporalmente ingresa —Rosalía.

A primeira Galicia de Rosalía é, pois, unha fidalga solteira que non abandona a súa filla nunca, nunca. Nin nese momento nin despois. Rosalía, polo que xa imos sabendo e deducindo a raíz das impagábeis investigacións de Ruíz de Ojeda, nunca viviu en Ortoño, coa familia paterna. Rosalía viviu con súa nai e a tal criada en Padrón, por de fronte da capela da Orde Terceira de San Francisco, na rúa de Xoán Rodríguez do Padrón, de xeito humilde, desde logo, pois os bens da familia foran minguando. Alí a temos censada con súa nai e a inseparábel María Martínez en 1842 (con catro ou cinco anos). Coma se houbese que desposuíra da súa condición fidalga herdada da nai para ser entendida, coma se houbese que pasala polo batismo popular aldeán para ser explicada, a biografía rosaliana ata agora vixente casaba moi ben co mito petrificado da Rosalía natural, da Rosalía nai e santa. Pois non, Rosalía non aprendeu o galego na aldea paterna, nin a vida dos nosos aldeáns, nin moito menos os cantares populares. Aprendeuno todo en Padrón, na vila de Padrón, con súa nai fidalga. Alí foi á escola, alí brincou beira do Sar:

Aínda vexo onde xogaba
cas meniñas que eu quería,
o enxidiño onde folgaba,
os rosales que coidaba
i a fontíña onde bebía.

A Galicia de Rosalía, na súa infancia, salvo ese accidental episodio compostelán, é a da Terra de Iria (non Iria Flavia), a do arciprestado de Iria, a vella sé iriense do Parrochiale Suevorum, a da cunca final do Ulla, a que non foi quen de seccionar en distintas provincias, río por medio, a man do señor de Burgos cando, naquel mesmo tempo de 1837, trazou o mapa xacobino español. Falo da Iria pola que sobe a maré, a maré do mar da Arousa, ata o límite das pesqueiras de lamprea do Convento Franciscano de Herbón no Ulla, ou polo Sar arriba, moito máis alá do miliario que adorna a lenda xacobeá, xusto deica a actual Iria (nunca Iria Flavia), e que no devalar se nos perde polos derradeiros remuíños de Catoira, nas torres de Oeste, que Rosalía poetiza no final de *Follas Novas* como un auténtico pego negro, cara os lombos salgados máis ricos do mundo. Ese Ulla no que aínda hoxe hai bar-

cos, é o Ulla que navegaron os cousos celtas, romanos, suevos, Prisciliano, vikingos e mouros e as arcas dos mercadeiros de Anveres de Flandria. Por iso Padrón e Cesures son vilas aínda hoxe de mareantes e mariñeiros: díxonolo o Padre Sarmiento nas súas viaxes a Galicia e dío claramente George Borrow, que retrata as dornas de Cesures como o poden facer hoxe os Picafollas, mariñeiros vivos de Porto e de Requeixo. E Rosalía de Castro:

Que inchadiña branca vela
antre os millos corre soa,
misteriosa, pura estrela,
dille o vento en torno dela:
palomiña, voa, voa.

Si, os barcos na Terra de Iria, foren mecos, dornas ou galeóns, levaban o trapo por entre o millo, e algunhas veces, con marés ou ventos non propicios, os mariñeiros puñan pé a terra e turraban por un cabo atado alto no mastro, camiño de sirga adiante.

«Que inchadiña branca vela...». Son versos dese poema «Como chove miudiño» no que Rosalía describe esta súa primeira Galicia, a Terra de Iria (Iria Flavia non), coma un verdadeiro *locus amoenus*, tan distinto á descrición de Borrow, para despois evocar con profunda saudade a súa infancia en Padrón e a casa familiar da Arretén. Póñanse en Lestrove, no pazo de Hermida, nun pequeno miradoiro que ten a súa horta, e verán todo o poema: Laíño, Lestrove, Caldas, a Arretén, a Adina, a Ponte, Valga, San Lois, Padrón... «E a Padrón, ponliña verde».

Noutros textos fala Rosalía desta súa primeira Galicia, en nada, insisto, parecida á de Borrow. De entre eles retumba con forza o relativo ó cemiterio da Adina, un dos escenarios literarios máis visitados pola autora (este é o de «Estranxeira na súa patria») e despois por tantos outros, coma o grande mestre Otero Pedrayo. Rosalía con seguridade intuía que estaba calcando na tecla do epicentro histórico da súa nación de Iria:

«¡Padrón!... ¡Padrón!
Santa María... Lestrove...
¡Adios! ¡Adios!».

Rosalía marcha pra Compostela con súa nai, muller atenta sen dúbida á formación da rapariga, antes de 1850. Santiago viña de se-lo escenario dun fito histórico, o levantamento liberal de 1846, protagonizado pola primeira xeración galeguista, o provincialismo, e esmagado traxicamente: os mártires de Carral. Durante a súa formación compostelá coñece a fame do 53 e o pulo revolucionario do 54 (Madoz), fai teatro e entra en contacto, sobre todo desde o Liceo de San Agustín, onde as novas clases medias asaltan o Vello Réxime, con outros mozos da súa xeración, Aurelio Aguirre e Pondal, que van protagonizar literariamente outro fito histórico: o banquete de Conxo (1856), a xuntanza de obreiros artesáns e estudantes que escandalizou a elite política e a cregaxe compostelá.

Caiga, pues, esa turba de reptiles
que ostenta con orgullo sus blasones;
písalos todos cual gusanos viles:
queme el fuego sus necias intenciones (...)
¿Hay razón a que uno esté gimiendo
y duerma el otro en el dorado lecho
convirtiendo de Dios los hijos bravos
en tropel de reptiles y de esclavos?

Despois do banquete Rosalía marcha para Madrid. A Galicia de Rosalía de Castro tamén é Madrid, como a de tantos outros: Añón, Eduardo e Alejandro Chao, Curros, Montero Ríos, Vesteiro Torres, Otero, Borobó, os Brais Pinto (Méndez Ferrín, R. Lorenzo, Herminio Barreiro, Bernardino Graña, Fernández Ferreiro...). Alí publica o seu primeiro libro de versos, *La Flor* (1857) e ó ano seguinte, dun xeito un tanto súpeto —o sangue dos Castro ferve— casa con Murguía, o gran polígrafo, o auténtico líder intelectual e político da súa xeración. E a partir de aí un vento nola leva en remuíño, acompañando o seu home ou cos fillos agardándoo, por España e por Galicia, Madrid, Murcia, Simancas, Lugo, Vigo, Compostela, Coruña, Lestrove, Lestrove... Sen teren nunca casa de seu, pasando moitas penurias económicas, o matrimonio andou moitas veces seguindo de bolina os acontecementos políticos, que chimpaban ou acollían Murguía nun posto funcional, sempre ó revés de Bécquer, malvivindo das publicacións literarias e xornalísticas dos dous, asistindo con esperanza á revolución do 68 ou con resignación á desfeita da Restauración. Pero se algunha casa hai de Rosalía, esa, moito máis que a da Matanza onde morreu, é o Pazo de Hermida en Lestrove, a casa que sempre lle ofreceu seu primo Xosé Hermida, a casa que sempre os acolleu, na que asinou numerosos textos e que hoxe garda memoria de non poucos feitos literarios e políticos de intensa incidencia na historia de Galicia. Fóra da amizade de Castelar con Xosé Hermida (*Sempre en Galiza*), asinou aquí o Pacto de Lestrove en 1930 e gárdase aquí tamén o tesouro conmemorativo deseñado por Camilo Díaz Baliño —mestura de nacionalismo, masonería e republicanismo— que recolle os nomes de tantos e tantos que despois, coma el mesmo, foran asasinados, e un poema do poeta zapateiro Xesús San Luís Romero adicado ó anfitrión, Xosé Vázquez Batalla: ¡*Ouh, vello loitador repubricano!*. Memoria que estarrece e que fascina. Esta si que é casa de Rosalía, se a nosa autora tivo realmente algunha, casa da súa estirpe liberal e laica, republicana.

Quérolles decer, miñas donas e meus señores, que ó casar con Murguía Rosalía entra definitivamente nun remuíño imparábel —pódese seguir moi ben a través dos estudos de Catherine Davies—, o da Galicia emerxente que desde os tempos da Ilustración e do Padre Sarmiento vén tomando conciencia de si dándose a man nesta altura co liberalismo español máis progresista, e polo tanto, demócrata, laico e republicano. De Castelar ou Giner de los Ríos a Pi i Margall. Por iso estaban cos krausistas da chamada anti-España (léase *El Cabañero de las botas azules*) e eran amigos coma tal de Ventura Ruíz de Aguilera, poeta progresista con sensibilidade «rexional», aínda que Rosalía lle tivo que facer algunhas precisións en «A gaita gallega» e «Castellanos de Castilla». Por iso a nosa autora lle dedica o poema de Vidal en magníficas oitavas a Roberto Robert, o escritor catalán tradutor de Proudhon. Claro, por de fronte, Menéndez y Pelayo, Pereda, Campoamor, Núñez de Arce e Pardo Barzán.

Agora ben, son Rosalía e Murguía do remuíño que ten como norte Galicia, nunca España, e que olla no *Risorgimento* italiano de Garibaldi e Mazzini, o que loita pola liberdade contra os estados pontificios, o seu modelo político, tal e como no seu maxistral *O Divino Sainete* nos ensina Curros Enríquez:

Dende entón, ti tes dos pobos
o sacreto, ti o candado
e a chave dos tempos novos.
¡Ou patria das patrias tempo,
quen do teu mal adoeza
cúrese co teu exemplo.

Un remuíño que continúa hoxe e do que todos os aquí presentes participamos. Un remuíño que procura a dignidade para a nosa nación. Porque a Galicia de Rosalía de Castro é unha Galicia á procura da dignidade. Reparen vosemecés en que o país que Borrow nos describe, salvo algo de Compostela, Pontevedra e Vigo, é unha Galicia de miseria e lepra, de pousadas-cortellos, unha Galicia de ignorantes, de ladróns, de parvos e brutáns.

Non é de estrañar que o cristal con que fixo o seu célebre retrato o inglés vendedor de biblias perdesse algo da súa transparencia na meseta, collese ese bafo moi coñecido e moi estendido por España e Portugal, esa nube de tintes xenófobos que prendera o mesmo en Tirso ca en Lope, o mesmo en Ezra Pound no seu canto LXV ca en Góngora no seu célebre e insultante soneto.

Por iso a Galicia de Rosalía de Castro é unha Galicia que combate pola dignidade dentro do proxecto de construción nacional. En ningures mellor expresado ca no prólogo de *Cantares Gallegos*, a primeira declaración de independencia, cume do enxurro iniciado cos Xogos Florais da Coruña de 1861 e do seu *Álbum de la Caridad* do ano seguinte.

A Galicia de Rosalía nos *Cantares* é a orgullosa de si e do seu, aflixida pola miseria pero orgullosa e digna, unha Galicia con conciencia patriótica: «pobre Galicia non debes / chamarte nunca española», a Galicia da alborada final do libro, un canto cheo de esperanza, para ergue-lo país. O chantre da Catedral de Salamanca, Camilo Álvarez de Castro, natural de aquí de Vilanova dos Infantes, saudou a autora dos *Cantares* collendo a pluma pra escribir a primeira carta moderna que coñecemos escrita en galego e da que son de recoller parágrafos coma este:

Cheguei á beira do Tormes e non se me esqueceu o Miño —eso si—, nin se me esqueceu falar como ouvíñ falar os meus pais e os meus avós (...) Por eso me folguei moito cando vin A Gaita Gallega con boa palleta e punteiro de marfil e cano ouvíñ as «foliadas» que tan ben repenicaba o Gaiteiro. Por eso lin os teus *Cantares* como come pan un famento (...)

¡Ai aramá! De huxe pra diante heille de pedir a Nostro Señor que te poña sana coma un buxo e forte coma un penedo pra que abouxe os chordos e non fastes nin cales namentres non berren todos: «Seica é verdaí o que di esta meiga dos tesouros de Galicia!».

Pero tamén é *Cantares* un libro de lúcida crítica social. Porque a Galicia de Rosalía non é esencialista, porque o nacionalismo, desde Rosalía e Murguía, e xa desde Faraldo, sempre, sempre se vertebrou arredor do pensamento crítico. E velaí a presenza total das mulleires nas súas páxinas, da primeira á última: é un libro feminista, que fai visíbeis as mulleres, que denuncia a súa falta de independencia («San Antonio bendito / dádeme un home...»), que as fai suxeito («Díxome nantronte o cura / que é pecado»).

E velaí a transgresión, o pecado, a ruptura das convencións sociais e relixiosas que emana toda a poesía rosaliana. Comezando polo uso interesado e transgresor dos propios cantares populares, que por certo ela non coñeceu dun xeito «natural», nin en Ortoño nin en Padrón. Rosalía tivo o que podemos considerar un coñecemento científico dos mesmos grazas á investigación e ó traballo de campo realizado moitas veces en compañía do seu home. O que é de despedida pono en boca dun emigrante, o que está en boca dun home pono en boca dunha muller, o que era conto pono en verso... Subvértelos todos, ou case todos, en función dos seus intereses estéticos e políticos. Os cantares son unha excusa, un disfraz, un escudo, empregado tamén para pasa-la censura, tralo que dispara a metralla do

seu lúcido pensamento crítico. Rosalía vai moito máis alá do achegamento á literatura popular que realizaron outros poetas en España e en Europa no seu tempo.

Perdoarán que lles confese que para min o poema deste libro máis logrado é o da costureira. Nel Rosalía subverte todo o cancionero que hai sobre a costureira, riquísimo, e que pon pingando este personaxe tan popular (finiquita, preguiceira, doada pró sexo). Rosalía o que fai é construír un poema-artefacto que non só as defende, de paso defende tamén o dereito ó amor libre da moza e o dereito a unha vida digna, a fuxir da lama, do ser humano. En fronte unha santa clasista e ruín, o anticlericalismo rosaliano, nun diálogo áxil e cheo de sutilidades.

¿Rosalía santa? Non, monstro: a costureira. E é que Rosalía está cos labregos e mariñeiros, como di ela, «verdadeira xente do traballo». Agora ben, dentro das clases humildes pon os ollos nos máis desfavorecidos, nos que non teñen nada de seu, nos miserábeis. Porque ela distingue moi ben as clases entre o propio campesiñado, cousa que despois non fixo nin Castelao nin o nacionalismo hexemónico moderno. Neste sentido, son toda unha lección poemas coma o de Vidal ou «Miña casiña meu lar», xa en *Follas Novas*.

Porque *Follas Novas* é continuadora en moitos aspectos dos *Cantares*. Aínda que hai novos engadidos e perspectivas. É unha obra que cómpre ubicar no período de frustración de moitos sectores progresistas no contexto da desfeita política que supuxo a Restauración (Alfonso XII), a restauración que abolía o matrimonio civil, que enriquecía unhas elites e oligarquías, a restauración da corrupción, a da intensificación do empobrecemento e colonización de Galicia. *Follas Novas*, sintomaticamente editada coa axuda do carto emigrante, é a resposta á Restauración. E a presenza de Galicia mestúrase cunha nova voz, linguaxe nova, a voz máis esterrecente e esgazadora da lírica europea da súa época. Continúa presente a Galicia das campás que nos deixou Rosalía para sempre (campanas de Bastavales, campaniñas timbradoiras da igrexiña do lugar, campanarios e campanas...) pero agora retumban de outro xeito, maxestático, con saudade xélida na Catedral («O toque de alba»). A Galicia das campás e dos santos, pero laica. Rosalía xa era na altura que publica *Follas Novas* (1880) intensamente odiada pola igrexa, como o foi Curros, como odiado pola igrexa era o noso Rexurdimento, ese remuíño de liberdade e orgullo xa imparábel que como dixen nunca tivo a beizón católica, nin falta que lle fixo. E este odio non é de estrañar diante de poemas coma o da santiña ou diante de («De balde»).

A Galicia de *Follas Novas* brilla co seu idioma no universo poético europeo, porque a Galicia de Rosalía non se mira o embigo, Rosalía coñece de primeira man a literatura e o pensamento do seu tempo, os máis vangardistas. Ollemos as citas de *La hija del Mar* e da pouca correspondencia que lle coñecemos: Sand, Poe, Hugo, Goethe, Byron, Ossian... Xa o fixera cos *Cantares*, pero agora dun xeito máis aberto, fai rebentar un lirismo nunca visto, o da negra sombra, o das soidás, o da estranxeiría, que aínda hoxe vibra e nos tensiona, e afaga, afoga, pónonos presos en fondas arquitecturas poéticas de tebras e de lóstregos. E Rosalía, que se fartou de toca-la corda popular, que manexou coma ninguén a íntima, regálanos por veces a música sublime. E Galicia e o galego voan ás Illas da Bretaña de Sir John Moore ou ó Portugal de Camoens e da Castro, asumindo a nosa autora a voz nacional que xa representaba.

A Galicia de *Follas Novas* volve se-la Galicia das mulleres, desde as liñas insuperábeis do prólogo, a aquela velliña que se fai a xorda par poder comer e beber e quentarse na

montaña; desde a muller de «Miña casiña, meu lar», ás viúvas de vivos e mortos que Rosalía chantou na nosa paisaxe literaria para sempre e cuxo drama puxo á beira —Rosalía era unha poeta culta, ¿hai que repetilo?— da inmortal Penélope, («Tecín soia a miña tea»), fío imprescindíbel que van retomar as poetas do XX, desde Xohana Torres ás máis novas. Ensínanos, pois, a outra cara da traxedia da emigración, que na segunda metade do XIX, grazas á Restauración, levou de Galicia medio millón de persoas. O reverso, as mulleres e os nenos abandonados. E unha muller é a que apaña fouciño para cortarlle o pescozo ós que teñen fama de honrados na vila, unha muller collendo a xustiza pola man, verdadeiro camiño de combate. A Galicia de Rosalía de Castro non é chorona nin resignada, é rebelde e combativa. Rosalía desafia a sociedade tradicional e as súas institucións, incluído o matrimonio, desde a súa invariábel óptica crítica.

«Mi patria es el mundo» dise na primeira liña de *Flavio*. Pois si, a patria de Rosalía é o mundo. E sabe e ensínanos que a única maneira que temos de ser cidadáns do mundo é asumir a nosa identidade nacional, que como ela nos dixo, non é a de gaitas e canastros e parellas baixo un paraugas. Porque a Galicia de Rosalía non é a folclórica, non é a condenada a autoidentificarse nesa visión asfixiante, redutora, deformada. É unha Galicia á que nada do mundo, de calquera terra ou tempo, lle é alleo, a da estrela da liberdade, a mesma que quixo para si José Martí e agora loce na bandeira cubana.

Despois do esforzo titánico que levou a cabo, Rosalía non foi quen de supera-la ruindade da Galicia que se odia a si mesma en momentos de bandeiras esfarrapadas. Igual llo impediu a morte, quen sabe. E aínda así, a súa traxectoria é unha boa lección para todos os que levan na fronte unha estrela e no bico un cantar. Ela que en «Airiños airiños aires» retratou un muller devecendo por regresar a Galicia, que todo canto vía lonxe da terra todo lle decía «¡estranxeira!», vai e agora en *Follas Novas* deslúmbra-nos con esa amarga idea de considerarse estranxeira na súa propia patria.

O considerarnos estranxeiros os que coma ela, poño por caso, falamos galego ou pensamos o mundo desde Galicia, é un risco inmovilizador que só pode derivar na autocompaixón e no pensamento inane. Amar e defender Galicia esixe, como vostedes saben, moitos, moitos esforzos: sobreporse ó continuo autoodio, sobreporse ás ruindades, ós lobos, ós desalentos, ó abafo do pensamento único, ás idades de ferro...

Testemuñame Xosé Manuel Beiras que súa avoa recordaba a imaxe pola Algalia compostelá arriba dun grupo de mulleres apartándose ó seu paso xa nos últimos anos da nosa autora: «—Aí vai a tola». Non é difícil recrea-la escena e imaxina-lo peso no lombo que se quixo botar enriba daquela muller con aqueles dicires e aqueles ollares, pero tamén nos é doado adiviña-lo xesto altivo de Rosalía, con paso despectivo naquela rúa lousada, da man dalgunha pícara, contra tódalas transeúntes hostilidades mudas.

Con todo iso hai que contar: forma parte do proceso descolonizador. Por iso a chamada «demisión» final de Rosalía, que fixo que *En las orillas del Sar*, ese inmenso libro, vise luz en castelán un ano antes da súa morte, non tivo efecto ningún. Na historia da literatura española, para a metrópole, Rosalía non é practicamente ninguén a pesar desa obra inigualábel. Para nós éo todo, todo. Nós entendemos esa debilidade, esa «demisión», esa gran literatura. Eles non entenden que escribise en galego e o fixese ó máis alto nivel do XIX europeo. Así, pois, Rosalía preside, no arrimo do valo da Adina de Iria, esa santa compañía

de mortos que nos deron Galicia tal e como a vemos, esa santa compañía que no *Divino Sainete* de Curros preside Añón e na luminosa «Alba de Gloria» de Castelao ten á fronte a Prisciliano, esa santa compañía na que non están nin a condesa Pardo Bazán, a escritora católica, en tódolos sentidos, que comprou o título, nin o marqués dun lugar que non existe, Iria Flavia. Está Rosalía á fronte, aínda que humilde, a máis condesa e máis marquesa, a de Padrón, Terra de Iria. A que procurou dignidade pró seu pobo, a dos orfos e viúvas e miserábeis, a dos pecados, irreverente, crítica, afouta, rebelde. A tola (Beiras e Curros). Adeus á nai e á santiña, abur.

Por todo isto, para rematar, eu humildemente penso que a Galicia desta muller non só é a que ela viviu e a que ela nos retratou. Tamén é a que soñou. E neste sentido, miñas donas e meus señores, sonlles da idea de que a de Rosalía de Castro é a única Galicia posíbel: unha Galicia ceibe.